

## **CONCELLO PLENO**

### **ACTA DE SESIÓN**

**ORGANO:** CONCELLO PLENO

**ACTA NUMERO:** 2012/07

**CARACTER:**EXTRAORDINARIA  
URXENTE

**CONVOCATORIA:** Primeira.

**DATA:** 3 de agosto de 2012.

---

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribadeo sendo as trece horas e dezaseis minutos do día **3 de agosto de 2012** reuniúse o Pleno do Concello en sesión convocada ao efecto con carácter EXTRAORDINARIO URXENTE baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Fernando Suárez Barcia e coa asistencia das persoas que á marxe se indican:

**Presidente:**

D.Fernando Suárez Barcia (Alcalde-BNG)

**Concelleiros presentes na sesión:**

**Polo Grupo do B.N.G.**

D. Vicente Castro Reigosa Reigosa

Dona Mari Luz Alvarez Lastra

D<sup>a</sup> Ana María Martínez Fernández.

D. Horacio Cupeiro Rodríguez

D.Xabier Campos López.

Dona María Teresa González Piñeiroa.

**Polo Grupo do P.P.**

D.Manuel Valín Valdés.

D.José Manuel Yañez Dablanca

D<sup>a</sup> Azucena González Loreda.

D<sup>a</sup> Maria del Campo López-Braña Freije

**Polo Grupo de U.P.R.I.**

D.Agustín Reymondez Gancedo.

**Polo Grupo do PSG-PSOE**

D.Eduardo Gutiérrez Fernández.

**Secretario acctal:**

D. Fidel Maañón López.

**Interventor acctal.:**

D.José Vázquez Cupeiro.

**Técnico de Admon. Xeral.**

D.José Rodil Veiga.

Comprobado que se da o quórum legalmente esixido para a válida celebración das sesións do Pleno do Concello, nos termos esixidos no artigo 113.1 c) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D.2568/1986, de 28 de novembro, a Presidencia declara aberta esta e pásase ao tratamento dos asuntos comprendidos na Orde do día:

**2012.27.01.- PRONUNCIAMENTO DO PLENO 1.-PRONUNCIAMENTO DO PLENO SOBRE A URXENCIA DA PRESENTE SESIÓN QUE VEN DADA POLA NECESIDADE DE ADOPTAR ACORDO EN UNIDADE DE ACTO CON OUTROS CONCELLOS SOBRE ACCIÓNS A REALIZACIÓN EN RELACIÓN COA CRÍTICA SITUACIÓN E PARA A DEFENSA DO SECTOR LÁCTEO DE GALICIA.**

Dase conta pola Alcaldía-Presidencia das razóns que motivan a convocatoria da presente sesión, que segundo se enuncia no epígrafe son a necesidade de adoptar no mesmo día con outros concellos acordo relativo á Moción presentada por diversas organizacións agrarias sobre accións en relación coa crítica situación do sector lácteo, indicando o Sr.Alcalde que iste é o motivo principal xa que non é normal esta hora para convocar un Pleno. Di tamén que o outro día estiveron con él, reunidos os representantes do sector e que se quedou niso.

Tamén o 2º punto que leva un tempo pendente e se pode resolverse agora pois mellor.

A Corporación, de conformidade co disposto no artigo 79 do Real Decreto 2568/1986 de Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen Xurídico das Entidades Locais, e aos efectos do pronunciamento do Pleno sobre a urxencia da sesión, por unanimidade, en votación ordinaria acorda a apreciación da urxencia e a subseguinte celebración da mesma.

**2012.28.02.- MOCIÓN DE DIVERSAS ORGANIZACIÓNS AGRARIAS SOBRE ACCIÓNS EN RELACIÓN COA SITUACIÓN CRÍTICA E DEFENSA DO SECTOR LÁCTEO EN GALICIA.**

O Sr.Alcalde da conta da Moción que se presentou por por tres sindicatos agrarios.

Obra no expediente o escrito das organizacións profesionais agrarias de data xullo de 2012.

“As organizacións profesionais agrarias, UNIÓN AGRARIAS, XÓVENES AGRICULTORES e SINDICATO LABREGO GALEGO trasladan ós Grupos políticos con presenza nesa Corporación Municipal para que, de acordo co establecido nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, sexa presentada para o seu debate e aprobación polo Pleno a **MOCIÓN** que a continuación se recolle:

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O rural de Galicia está a afrontar un tempo de incertezas económicas agravado en boa medida polo diferencial de prezos do leite con España e Europa. Os gandeiros galegos son os que reciben un prezo máis baixo polo seu leite de toda España. En maio de 2012 os gandeiros galegos recibiron 29,2€/100 litros, que está un 5,5% por baixo do prezo medio estatal e un 15,61% por baixo do que perciben os

produtores valencianos. As diferenzas de prezo entre Comunidades Autónomas danse incluso entre gandeiros que entregan á mesma empresa.

EVOLUCIÓN DE PRECIOS €/litro (medias ponderadas)													
Comunidad Autónoma	PERIODO 2011/2012												2012/2013
	Abr.	May.	Jun.	Jul.	Ago.	Sep.	Oct.	Nov.	Dic.	Ene.	Feb.	Mar.	Abr.
Andalucía	0,350	0,349	0,343	0,340	0,341	0,352	0,358	0,363	0,364	0,364	0,363	0,354	0,352
Aragón	0,325	0,323	0,324	0,324	0,327	0,335	0,347	0,347	0,347	0,347	0,344	0,337	0,321
Asturias	0,327	0,328	0,338	0,337	0,334	0,337	0,342	0,346	0,346	0,346	0,348	0,346	0,345
Baleares	0,295	0,294	0,295	0,293	0,298	0,300	0,304	0,306	0,303	0,300	0,304	0,298	0,297
Cantabria	0,303	0,302	0,313	0,301	0,302	0,308	0,319	0,321	0,334	0,317	0,315	0,310	0,300
Castilla-La Mancha	0,331	0,328	0,329	0,327	0,331	0,341	0,354	0,357	0,360	0,355	0,352	0,346	0,337
Castilla y León	0,316	0,315	0,312	0,316	0,321	0,331	0,337	0,339	0,341	0,336	0,331	0,323	0,319
Cataluña	0,323	0,318	0,333	0,322	0,325	0,348	0,341	0,342	0,362	0,343	0,343	0,340	0,325
Extremadura	0,343	0,338	0,335	0,335	0,336	0,343	0,352	0,357	0,358	0,353	0,354	0,346	0,345
Galia	0,303	0,303	0,303	0,305	0,306	0,313	0,320	0,323	0,323	0,318	0,315	0,309	0,299
Madrid	0,319	0,319	0,317	0,316	0,322	0,331	0,342	0,343	0,346	0,341	0,339	0,332	0,326
Murcia	0,327	0,327	0,328	0,327	0,326	0,332	0,335	0,335	0,335	0,333	0,330	0,325	0,317
Navarra	0,319	0,316	0,318	0,324	0,324	0,332	0,341	0,340	0,340	0,333	0,332	0,324	0,317
País Vasco	0,321	0,318	0,320	0,319	0,318	0,326	0,334	0,338	0,338	0,338	0,336	0,329	0,329
La Rioja	0,330	0,325	0,322	0,327	0,335	0,340	0,357	0,352	0,364	0,353	0,351	0,327	0,321
C.Valenciana	0,348	0,347	0,348	0,345	0,347	0,354	0,360	0,360	0,360	0,360	0,360	0,354	0,350

Fonte: FEGA

Respecto do prezo percibido polos gandeiros galegos é un 5,48% inferior ao de Portugal, un 1,10% inferior ao de Francia, un 5,65% inferior ao de Alemaña e un 12,16% inferior ao de Holanda.

### PRICES of Cow's raw milk in EURO/100 kg

05-jul-12

Source : Regulation (EC) No 479/2010 Article 2

												Arithmetic averages				Weighted EU Average	% compared to previous month (*)	
	dk	de	es	fr	ie	it	lu	nl	at	pt	uk	EU-15	EU-10	EU-2	EU-27			
	Denmark	Germany	Spain	France	Ireland	Italy	Luxembourg	Netherlands	Austria	Portugal	U.K.	Avg. EU-15	Avg. EU-10	Avg. EU-2	Avg. EU-27			
2011m01	35,00	33,12	30,97	33,20	31,76	37,46	31,82	35,65	34,99	30,96	29,54	34,52	32,34	29,85	33,84	33,2	- 0,3%	
2011m02	34,50	33,20	30,97	33,06	32,92	37,48	31,63	35,65	34,62	31,14	29,91	34,68	32,94	29,98	34,08	33,3	+ 0,4%	
2011m03	34,50	34,06	30,87	32,08	32,44	37,61	31,70	36,00	34,37	31,02	29,80	34,45	33,27	30,62	34,24	33,3	- 0,1%	
2011m04	34,50	34,20	30,58	30,41	32,15	38,38	32,04	36,00	34,15	30,65	29,06	34,31	33,69	30,88	34,32	33,0	- 0,8%	
2011m05	35,50	34,44	30,49	30,53	32,05	38,37	31,87	38,00	34,63	30,58	29,17	34,54	33,41	30,33	34,34	33,2	+ 0,8%	
2011m06	35,50	34,39	30,78	33,72	33,31	38,37	31,88	38,00	34,56	30,58	29,18	34,95	32,87	29,43	34,34	33,8	+ 1,6%	
2011m07	36,00	34,53	30,68	35,44	33,70	38,80	31,86	38,00	34,59	30,51	29,82	35,13	32,76	29,36	34,42	34,2	+ 1,3%	
2011m08	36,50	34,74	30,87	35,64	34,57	38,80	32,72	37,25	34,60	30,69	30,55	35,71	32,62	29,63	34,72	34,4	+ 0,5%	
2011m09	36,00	35,48	31,65	36,41	37,00	39,00	33,89	36,25	35,48	31,99	31,21	36,36	32,67	30,02	35,12	34,8	+ 1,2%	
2011m10	36,50	36,43	32,23	33,65	38,26	39,04	34,50	37,00	36,74	32,22	32,39	36,83	33,25	31,66	35,68	34,9	+ 0,4%	
2011m11	37,00	36,90	32,52	33,13	37,97	39,07	35,08	37,25	38,03	32,42	33,25	37,02	33,51	31,55	35,86	35,1	+ 0,6%	
2011m12	36,50	35,71	32,82	32,33	35,84	39,05	34,53	37,50	38,12	32,17	33,74	36,78	33,52	31,97	35,70	34,7	- 1,2%	
2012m01	36,00	33,75	32,33	34,19	34,48	39,05	33,42	36,50	37,17	32,08	33,80	36,27	33,49	31,57	35,37	34,4	- 1,0%	
2012m02	35,00	33,40	32,14	34,47	34,28	39,63	33,77	35,75	37,08	31,89	33,54	36,10	33,91	31,09	35,37	34,4	+ 0,0%	
2012m03	34,00	32,70	31,46	32,74	33,41	39,63	33,14	34,25	36,48	30,94	33,38	35,13	33,49	30,28	34,55	33,5	- 2,5%	
2012m04	34,00	31,95	30,78	29,90	30,88	39,63	32,30	33,75	34,78	31,18	32,86	34,27	32,30	28,32	33,53	32,3	- 3,5%	
2012m05	34,00	30,85	30,78	29,52	28,84	39,63	29,63	32,75	33,73	30,80	32,57	33,48	31,03	27,36	32,61	31,6	- 2,3%	
2012m06								32,00										
MEDIA	35,35	34,11	31,35	32,97	33,76	38,76	32,69	36,21	35,54	31,28	31,40	35,32	33,01	30,23	34,59	33,8		
Xaneiro 2011 - Maio 2012																		

Unha situación que se veu agravada pola suba dos custos de produción e a seca que vivimos a última primavera. Así, nos últimos anos os custos de produción e o prezo do leite evolucionaron de maneira moi diferente: os fertilizantes, os combustibles, a electricidade e o penso para vacún de leite experimentaron subas espectaculares mentres que o prezo do leite apenas experimentou cambios. Dende o ano 2005 os ingresos por venda de leite subiron un 0,9% e os custos de explotación subiron un 29,6% (os alimentos para o gando subiron un 33,9%, os fertilizantes un 60,2%, os gastos enerxéticos un 50,4%) o que motivou unha caída da renda do 43%.

Índice de prezos percibidos e pagados. Ano 2005 = 100

	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011
Leite	100	99,7	123	124	93,2	96,2	100,9
Alimentos gando	100	101,2	115,6	133,3	112	115,5	133,9
Fertilizantes	100	103,6	110,2	181,8	150,7	133	160,2
Enerxía	100	107,8	111,1	133,6	106,3	127	150,4

Estes factores debuxan, en definitiva, un escenario pouco alentador para os que vivimos do sector primario en Galicia. Tal é así, que o lácteo galego está ao borde da súa desaparición e con el non só un tecido económico que da emprego a mais de 66.000 persoas na nosa Comunidade Autónoma, entre emprego directo, indirecto e inducido, asentado no rural, en pequenos autónomos, en actividades coma a construción, o comercio, a hostalería, talleres, servizos de contratación de maquinaria e outros. É un feito ben sabido que moitas das comarcas do rural galego teñen unha total dependencia económica do sector, pois a redución nos ingresos do leite reduce á súa vez os ingresos doutras actividades das zonas rurais, que contribuen de xeito capital ao mantemento dun medio cada vez máis despoboado.

As organizacións de produtores trasladámoslle ao Presidente da Xunta de Galicia o pasado día 5 de xuño no marco da Mesa do Leite, a necesidade de impulsar diante do Goberno do Estado unha iniciativa política urxente e contundente que impida o estrangulamento financeiro do sector lácteo. Así mesmo, fixemos fincapé na importancia do impulso dun acordo entre industria, produtores e Administración para acadar unha postura común diante da distribución de cara a impedir que as explotacións galegas, a pesar de teren un mercado de proximidade deficitario de leite, vexan como as francesas perciben un maior prezo a pesar de estar nun marco claramente excedentario.

A día de hoxe seguimos sen solucións, e a situación do sector é aínda máis sombría, xa que dende entón, producíronse novas baixadas de prezos ó produtor, e pola contra, as materias primas para a fabricación de pensos, seguiron disparándose, especialmente a soia.

Polo exposto, as organizacións profesionais agrarias, UNIÓN AGRARIAS, XÓVENES AGRICULTORES e SINDICATO LABREGO GALEGO, **SOLICITAN** a presentación desta **MOCIÓN** diante do pleno da

corporación municipal de **xxxx**, para apoiar nas administracións correspondentes, e solicitar do Presidente da Xunta de Galicia o seguinte paquete de medidas:

1º Esixir aos Ministerios de Agricultura e Economía que non permitan que a distribución francesa e alemá nos trate como o sumidoiro para a súa produción láctea a custa de arruinar zonas produtoras como Galicia.

2º Que no exercicio das súas responsabilidades tome as iniciativas oportunas para impedir a discriminación de prezos que as empresas exercen sobre o leite galego, articulando mesas de negociación entre produtores/as, industria e distribución semellantes as que se deron en países veciños como Franza.

3º A posta en marcha dun observatorio de prezos das materias primas, que permita valorar a súa evolución de xeito transparente.

3º Que formule nas instancias que corresponda e con urxencia, as modificacións normativas que aseguren unha aplicación axeitada dos contratos no sector lácteo. A pesar do inmediato destes cambios, algunhas cuestións legais están pendentes de regular, tales coma os criterios de fixación do volume nos contratos ou a necesidade de regular a figura do mediador con capacidade de resolver discrepancias entre produtores e industria.

4º Que traslade á Consellería do Medio Rural a necesidade de reforzar as partidas de axudas á modernización das explotacións e, sobre todo, que actúe de xeito decidido contra o déficit de terra que padecen as explotacións galegas, que está a limitar a rendibilidade das mesmas e a comprometer o futuro das axudas europeas que estarán ligadas á superficie agraria.”

Iníciase a deliberación indicando o Sr.Alcalde que o seu grupo plantexa algunha matización respecto do escrito, pero que en todo caso se pode comezar un turno de palabra sobre o asunto.

O Sr.Gutiérrez Fernández, do PSG-PSOE indica que por unha cuestión formal non podería traerse com tal Moción xa que isto sería dos Grupos Políticos e manifesta que tamén procedería facer algunha matización, por parte do seu Grupo, pero que non obstante o escrito ten que ver co futuro do sector, que habería que falar moitas cousas sobre o mesmo, pero cre que non é o momento e está de acordo co solicitado e non tería inconveniente en ser un dos firmantes formalmente.

O Sr.Alcalde tamén dí que está de acordo co manifestado polo representante do PSG-PSOE respecto do indicado de que non debería ser Moción, pero que están de acordo co escrito.

O Concelleiro de UPRI Sr.Reymondez Gancedo manifesta que pouco mais ten que dicir e que en todo caso é unha cuestión na que está de acordo e que algo hai que facer.

A Sra.González Loredo, do Grupo Municipal Polpular, manifesta que tamén está de acordo, que se chegou a un consenso nas organizacións agrarias e que non van reivindicar nada politicamente, tiña unhas notas para matizar pero non lle parece propio entrar nun debate agora, que coincide co que dixo respecto da forma de presentación o portavoz do PSG-PSOE e que van votar a favor, que ogallá sirva para algo.

Pola súa parte o Sr.Alcalde dí que unicamente quere engadir que o outro día na reunión coas organnziacións se quedou en que logo cada Alcalde, en cada Concello, lle enviara unha carta ou documento, que foi encargada a redacción ás organizacións sindicais, na que se pida ás diferentes distribuidoras que non utilizaran o leite como reclamo de enganche para vender por debaixo do prezo de mercado porque lle facía moito mal ao sector.

A Corporación, por unanimidade dos seus membros, acorda prestar aprobación á Moción de referencia nos propios termos da mesma.

**2012.29.03.- ESCRITO DA ASOCIACIÓN AMIGOS DA GAITA GALEGA DE CESIÓN PARCIAL GRATUITA DE PARCELA A ESTE CONCELLO E MODIFICACIÓN DE CONVENIO ASINADO POR ESTE CONCELLO COA MESMA ASOCIACIÓN A QUE SE REFIREN OS ACORDOS PLENARIOS ANTERIORES DE DATAS 14 DE MAIO E 10 DE SETEMBRO DE 2001.**

Por Secretaría a instancia da Alcaldía dase conta da proposta da Alcaldía que se transcribe de seguido:

“Examinado escrito da Asociación Amigos da Gaita Galega no que se propón a cesión gratuíta, previa segregación, de dous trozos da parcela da súa titularidade sita na rúa Alfredo Deaño a carón do Pavillón Polideportivo Municipal sito na mesma rúa, segundo a descripción gráfica que se acompaña, e interesando ao mesmo a modificación do Convenio asinado entre este Concello e a referida Asociación Amigos da Gaita Galega “para a doazón dunha finca para pavillón polideportivo” aprobado por acordo plenario de data 14 de maio de 2001 e acordo plenario de corrección de erros respecto da superficie da finca, de data 10 de setembro de 2001.(Escritura de segregación e doazón núm. 602 do ano 2011, de data 17 de outubro de 2001.

Resultando, que na cláusula II do referido convenio “Utilización das instalacións deportivas da Asociacións Amigos da Gaita”, se estipula expresamente: *A Asociación amigos da Gaita Galega pon a disposición do Concello de Ribadeo para destinalas a uso público xeral as súas instalacións deportivas existentes na rúa Alfredo Deaño. A estes efectos o persoal municipal encargado de regular a utilización do novo Pavillón polideportivo coordinará tamén a utilización das instalacións da Asociación manténdose en todo caso a preferencia o uso para os socios de Amigos da Gaita.”.*

PROPONSE que previo ditame da Comisión Informativa correspondente se adopten polo Pleno municipal os acordos seguintes:

1º. A aceptación da cesión gratuíta dos trozos de parcela sinalados pola Asociación de Amigos da Gaita Galega unha vez realizada a correspondente segregación dos mesmos para agrupar coa parcela da que é titular o Concello na mesma zona, conforme aos planos gratiados anexos á petición formulada.

2º. A modificación do Convenio referido anteriormente dando por concluído e deixando sen efecto o acordo sinalado no punto II do mesmo deixando a disposición do seu titular “Amigos da Gaita Galega” os terreos e instalacións deportivas existentes na parcela sita en Alfredo Deaño.

3º. Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin dos acordos adoptados e especificamente a tramitación e sinatura correspondente dos documentos públicos precisos.”

Promovida deliberación intervén o Concelleiro Sr.Gutiérrez Fernández, do PSG-PSOE no Grupo Mixto que indica que lle parece unha medida interesante e beneficiosa e que está de acordo.

O Concelleiro Sr.Reymondez Gancedo, de UPRI, no Grupo Mixto, manifesta que preguntou aos técnicos se no Plan Xeral eses terreos eran unha rúa e a tiña que urbanizar o Concello.

O Sr.Alcalde intervén e dí que se trata de que agora o Concello se se acepta a cesión o Concello pasa a ser o propietario deses terreos e que se trata dunha subrogación nos dereitos e obrigas como titular deses terreos e manifesta que ao Concello lle interesa porque garante un acceso a unha zona posterior.

Intervén tamén o Concelleiro Sr. Castro Reigosa para indicar que segundo lle dixo o arquitecto a situación urbanística da parcela no cambia.

O Sr.Alcalde intervén de novo para indicar que agora do que se trata e de se se acepta ou non esa cesión que fai a Asociación Amigos da Gaita.

O Sr.Valín Valdés, portavoz do Grupo Municipal Popular, intervén e manifesta que coinciden co portavoz do PSG-PSOE, cre que é unha situación ventaxosa e que de agradecemento a “Amigos da Gaita” que leva colaborando dende hai tempo co Concello e que debe agradecerselle e terse en conta e que ogallá todas as sociedades colaborasen igual. Pide que conste en acta o agradecemento que cre que será de todos os Concelleiros.

O Sr.Alcalde manifesta que cre que é unánime o sentir da Corporación e que en representación do seu Grupo agradece tamén a colaboración, que é recíproca por parte do equipo de goberno, que sempre terá a colaboración que se poida tanto dende esta Administración como no que se poida influir noutras para coa referida Asociación Amigos da Gaita.

A Corporación, por unanimidade dos seus membros, en votación ordinaria, acorda prestar aprobación á proposta de referencia e en consecuencia acórdase:

1º. A aceptación da cesión gratuíta dos trozos de parcela sinalados pola Asociación de Amigos da Gaita Galega unha vez realizada a correspondente segregación dos mesmos para agrupar coa parcela da que é titular o Concello na mesma zona, conforme aos planos grafiados anexos á petición formulada.

2º. A modificación do Convenio referido anteriormente dando por concluído e deixando sen efecto o acordo sinalado no punto II do mesmo deixando a disposición do seu titular “Amigos da Gaita Galega” os terreos e instalacións deportivas existentes na parcela sita en Alfredo Deaño.

3º. Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin dos acordos adoptados e especificamente a tramitación e sinatura correspondente dos documentos públicos precisos.

E sen mais asuntos que tratar, non sendo outro o obxecto da sesión, sendo as trece horas e trinta e oito minutos, polo Sr.Alcalde-Presidente levántase a sesión, estendéndose a presente acta, do que eu Secretario dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO ACCTAL.

